ACORDO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL ENTRE RENFE VIAJEROS SME, S.A. E A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade e o representante de Renfe Viajeros SME, S.A. formalizaron o 17.11.2026 o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 27.12.2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, autorizar a Renfe Viajeros a usar o material gráfico relacionado no texto para a súa utilización no ámbito da campaña nos soportes de comunicación de Renfe Viajeros.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"Renfe Viajeros está interesada en colaborar na campaña de comunicación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos referente á "Campaña de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos" cuxo obxectivo é a sensibilización e concienciación para a doazón e que contribúe cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas número 3 e 17."

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (18/11/2026 08:43 CET)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-1fb8b7b8-c586-4500-afcf-6dde765f0f52

Complexo Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. +34 881 542 712
gabinete.sanidade@sergas.gal
www.sergas.gal